

## **Instrución conxunta 1/2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares**

### **1. Obxecto**

Consonte co que establece a disposición adicional décima do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, referente ás competencias en materia de transporte escolar e adaptado, a Dirección Xeral de Mobilidade vén de asumir as competencias e as funcións en materia de transporte escolar que desempeñaba previamente a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Deste xeito, no ámbito do transporte de escolares dáse cumprimento pleno ao disposto no artigo 72.3 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. O dito precepto establece que *no ámbito da Xunta de Galicia, corresponde á consellería con competencia en materia de transporte público velar polo correcto funcionamento dos transportes a que se refire a presente lei, e exercer as funcións de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción, se é o caso, dos servizos públicos de persoas dos que é titular, calquera que sexa o modo en que se xestionen.*

*Para o exercicio destas funcións, a consellería con competencia en materia de transporte público asumirá as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte a programación e as excepcións que, se é o caso, acorde o Consello da Xunta de Galicia ou estableza o Plan de transporte público de Galicia.*

Consolidado o dito proceso, a presente instrución dítase con obxecto de fixar para o/s vindeiro/s curso/s escolar/es diferentes criterios de carácter xeral referentes á organización e funcionamento do transporte de escolares, tanto respecto dos servizos prestados na modalidade de servizos públicos regulares de uso xeral (servizos integrados, en diante), como na modalidade de servizos de transporte regular de uso especial, no sentido de dar cumprimento ao dereito a transporte gratuíto por parte daqueles escolares nos que concorran as circunstancias establecidas polo Decreto 203/1986, do





12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.

Porén, a presente instrución pode resultar condicionada polas medidas que, en materia de transporte escolar, establezan, no seu caso, os protocolos ditados en situacións de emerxencias.

## 2. O ámbito de aplicación

Esta Instrución será de aplicación tanto ás rutas de transporte regular de uso especial como aos servizos integrados nos que existe reserva de praza a favor de escolares, en ámbolos dous casos para o traslado de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos.

Para os efectos desta instrución, considerarase persoa usuaria con dereito a transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para poder ser usuario/a con dereito ao servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou contar cun ditame de escolarización forzosa emitido pola Administración Educativa.

Neste senso, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio do alumnado o daqueles familiares cos que o/a estudante efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante certificación específica expedida para tal efecto polo concello, a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada polo Departamento Territorial da consellería competente en materia de Política Social.

Nos casos de custodia compartida acreditada (sentenza ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida a máis dunha persoa)



dun usuario con dereito, o alumno/a terá tamén dereito ao transporte escolar na parada que corresponda de acordo co segundo domicilio e sempre que cumpra os demais requisitos para ser considerado usuario con dereito neste segundo domicilio.

Do mesmo xeito, para manter a condición de usuaria/o con dereito, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar nas condicións nas que foi autorizado, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso correspondente.

### 3. Perda da condición de persoa usuaria con dereito

As persoas con dereito a transporte escolar que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de persoa con dereito a transporte escolar; para tal efecto, considerarase como continuada a non utilización do servizo cando esta se produza, sen causa xustificada, **5 días** nun período de **30 días naturais consecutivos**.

As direccións dos centros supervisarán a correcta utilización dos servizos e da xestión das baixas daqueles usuarios que non cumpran a anterior obriga.

Nestes casos, para proceder á baixa do transporte escolar, as direccións dos centros darán audiencia por un prazo de 5 días á familia do alumno e, á vista das alegacións presentadas, e de ser o caso, acordarán e comunicarán a baixa á familia ou, se é o caso, trasladarán a súa proposta ao órgano da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Universidades ao que se atribúe esta competencia, quen ditará resolución e efectuará a correspondente notificación da baixa á familia. No caso de alumnado que non fixese uso do servizo sen realizar unha xustificación previa no propio centro, xunto co acordo de inicio do procedemento e a comunicación da baixa, acordarase esta como medida cautelar aplicable ata a resolución definitiva.

O mesmo procedemento se poderá seguir no caso de ter que proceder á baixa dalgún/dalgunha usuario/a por usos indebidos no transporte escolar, sempre que así estea establecido no réxime disciplinario do centro.





O centro escolar poderá establecer outras medidas disciplinarias en relación á perda do dereito o uso do transporte escolar, aprobadas nas súas propias normas de organización, funcionamento e convivencia.

En todo caso, as direccións dos centros deberán iniciar un procedemento de verificación da utilización do servizo e tramitar os expedientes de baixa que correspondan, coa medida cautelar anteriormente indicada, e ditar e notificar a correspondente resolución ou, se fose o caso consonte co indicado anteriormente, remitir a proposta ao órgano da CECUFP competente para a dita resolución e notificación, en todas aquelas rutas nas que o órgano competente sobre o servizo de transporte constate a súa utilización por un número inferior de alumnos/as ao de reservas de praza existentes.

A verificación anteriormente indicada manterase ao longo do correspondente curso lectivo, debendo a dirección do centro informar ao órgano competente sobre as rutas de transporte no prazo de quince días dende a recepción da comunicación sobre insuficiente utilización da ruta. En defecto do dito informe, ou dos sucesivos que se soliciten sobre a ruta, o órgano competente sobre o servizo de transporte poderá axustar o número de prazas dispoñibles para a súa reserva á utilización real constatada, do que dará comunicación ao centro para que, pola súa parte, realice os axustes que procedan en canto á relación de persoas usuarias con dereito.

A partir do axuste que, se é o caso, realice o órgano competente sobre o servizo de transporte no volume de prazas dispoñibles, o dito órgano poderá autorizar a utilización na prestación do servizo de material móbil adaptado ás necesidades reais, non se garantindo o servizo a aquelas persoas usuarias que non viñeran facendo uso habitual del.

#### **4. Xestión de irregularidades ou deficiencias e colaboración en controis periódicos do servizo.**

As irregularidades ou deficiencias que se observen **cada día**, de ser o caso, na execución do servizo, deberán ser comunicadas polas direccións dos centros ao Servizo de Mobilidade competente sobre a correspondente ruta, para o que se utilizarán os medios electrónicos habilitados en cada caso pola Dirección Xeral de Mobilidade, coa maior exactitude e con carácter urxente.



Será necesario en todo caso a indicación do seguinte: código de expedición, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. Serán remitidas en formato de informe ou certificación, asinado/a dixitalmente, en todo caso.

Tamén deberán ser comunicadas con carácter urxente as incidencias non contractuais, como accidentes, manobras non permitidas, etc. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte dos Servizos de Mobilidade competentes, que poderán implicar a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais.

Os centros deberán colaborar na toma de datos e nos controis periódicos do transporte escolar que determinen os órganos competentes en materia de transporte escolar.

## **5. Orde de prelación na concesión de autorizacións a persoas distintas dos seus usuarios con dereito en servizos prestados baixo a modalidade de transporte regular de uso especial**

Ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes nas rutas de transporte escolar prestadas baixo a modalidade de transporte público regular de uso especial, e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso excepcional do servizo a aqueles alumnos e alumnas que aínda que non teñan a condición de persoa usuaria con dereito a transporte escolar, pode excepcionalmente usar o servizo sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de persoa acompañante

É función do equipo directivo proceder á asignación de prazas ás persoas usuarias que soliciten o transporte e a súa prelación no caso de ter máis solicitudes que prazas.

### **Orde de prelación de usuarios e usuarias sen dereito:**





**1º.-** Terá prioridade en primeiro lugar aquelas persoas que acrediten ter recoñecida pola administración competente unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

**2º.-** Escolares matriculados en educación primaria ou en segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar igual ou inferior a 2 km e superior a 750 metros.

**3º.-** Alumnos/as de idade inferior a 18 anos escolarizadas en Bacharelato ou ciclos formativos de grado medio ou superior que dispoñan de rutas de transporte escolar e cuxo domicilio habitual estea situado en zonas illadas, especialmente rurais, que non dispoñan doutro tipo de transporte público e a unha distancia, en todo caso, igual ou superior a 3.5 quilómetros do centro escolar.

Este alumnado queda exceptuado dos requisitos de que o uso de transporte escolar non supoña a creación de novas paradas e que non incremente a duración e a quilometraxe do traxecto, sempre que a xuízo do Servizo de Mobilidade competente, a dita autorización resulte viable tecnicamente, non supoña un empeoramento substancial da calidade do servizo prestado a persoas usuarias con dereito, e non supoña ningún custo económico adicional.

Xa que logo, con antelación a autorizar alumnado que puidese incorrer nesta situación, a dirección do centro consultará ao Servizo de Mobilidade competente sobre o cumprimento dos anteriores requisitos, servizo que informará de modo preceptivo e vinculante e procederá a tramitar a modificación que corresponda na explotación do servizo.

**4º.-** Alumnos e alumnas que cursen ESO ou FP básica cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar igual ou inferior a 2 km e superior a 750 metros.

**5º.-** Alumnos e alumnas escolarizados en centro distinto o que lle corresponde de acordo coas áreas de influencia escolar fixadas en función dos seus domicilios familiares.



**6º.-** Alumnos e alumnas que cursen ensino obrigatorio ou segundo ciclo de educación infantil que por causa de proximidade xeográfica dos centros escolares soliciten a utilización do transporte dun centro escolar distinto a aquel no que están matriculadas.

**7º.-** Demais alumnos/as matriculados en ensinanzas non obrigatorias.

Os centros de ensino cargarán na aplicación informática Transporte Escolar ao alumnado que solicite o uso excepcional do transporte cando se cumpran os requisitos indicados neste apartado.

Naqueles casos susceptibles de dúbidas na adxudicación das prazas baleiras, o centro educativo poderá valorar, respectando os criterios principais, outras circunstancias adicionais tales como a idade das persoas, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, a existencia de irmás ou irmáns usuarios do transporte ou outros factores que considere de relevancia.

A utilización das prazas baleiras serao en precario, de xeito que decaerán se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outras persoas cun dereito preferente.

A utilización das prazas baleiras estenderase unicamente ao curso escolar correspondente; o feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga as persoas beneficiarias dereito ningún no futuro.

Cando como consecuencia da solicitude de novas persoas usuarias de dereito producida durante o curso escolar sexa preciso ceder a praza de transporte a esta nova persoa usuaria con dereito, o centro educativo procederá de acordo cos criterios de prelación.

**6.** Alumnado excepcional de servizos integrados sen reserva de praza.

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas; para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte Xente Nova. Excepcionalmente, ata que se habiliten ferramentas tecnolóxicas para que deveñan innecesario o anticipo de saldo, os importes anticipados seranlles reintegrados ao/á usuario/a pola Xunta de Galicia nos





termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na páxina web [www.bus.gal](http://www.bus.gal).

A Dirección Xeral de Mobilidade informará aos centros, e estes ao alumnado, da data de funcionamento das indicadas aplicacións, segundo a correspondente categoría de usuarios/as. Ata dito momento, o alumnado do ensino obrigatorio e do segundo ciclo de educación infantil que non teña a condición de usuario con dereito a transporte escolar, poderá facer uso dos servizos integrados sempre que queden prazas dispoñibles nos mesmos, logo de que por parte do centro correspondente se cargue na aplicación de xestión. Para tal fin, os centros cargarán este alumnado na aplicación "Transporte escolar" coa condición de "excepcionais", de xeito análogo a como o fan nos servizos de transporte escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, aplicándolles os mesmos criterios de prelación entre o dito alumnado. Unha vez habilitada a antedita ferramenta tecnolóxica, dito alumnado será dado de baixa da aplicación "Transporte Escolar".

## **7. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas.**

**A.** Con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias iguais ou inferiores a 2 km, nin fóra da zona de influencia do centro, tanto en servizos de transporte de uso especial como en servizos de transporte integrado.

**B.** Respecto dos **servizos de transporte público de uso especial**, os centros escolares solicitarán os cambios de itinerario ou creación de novas paradas para aquelas persoas usuarias con dereito que o soliciten. Este trámite realizarase mediante a utilidade de petición de paradas implementada para o efecto na aplicación de transporte escolar. Este procedemento poderá ser modificado polos órganos competentes sobre os servizos de transporte escolar para adaptalo á evolución e melloras tecnolóxicas.

Posto que, de acordo co calendario do proceso ordinario de matrícula, os prazos de formalización de matrícula veñen rematando a finais do mes de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria e nos primeiros días do mes de xullo para o de educación secundaria obligatoria e bacharelato,





os centros disporán ata o 15 de xullo, ou primeiro día hábil inmediatamente posterior de ser aquel inhábil, para a asignación dos alumnos ás respectivas paradas e para a petición de novas paradas.

No caso de darse a casuística do punto 3º da "Orde de prelación" establecida no apartado 5 desta Instrución, os centros disporán ata o **antepenúltimo día hábil do mes de xullo** para a petición da nova parada.

Unicamente poderán ser tramitadas fóra deste prazo solicitudes por necesidades extraordinarias debidamente xustificadas, cambios de domicilio, escolarizacións posteriores ao comezo do curso, escolarizacións forzosas, etc. Excepcionalmente, e con limitación ao curso escolar 2024-2025, tamén se tramitarán o conxunto de solicitudes de novas paradas e se tomará en consideración a alta de alumnado efectuada polos centros **ata dous días antes ao indicado para o inicio das clases**, que non requiran dun incremento da capacidade dos vehículos, e sen prexuízo, en todo caso, de priorizar na súa tramitación o conxunto de solicitudes e altas de alumnos cursadas dentro do prazo ordinario. Nos supostos de solicitudes formuladas fóra do prazo ordinario non se garantirá a dispoñibilidade do servizo ata a súa resolución polo órgano competente e a implantación do correspondente cambio no servizo.

As solicitudes de menos de 2 quilómetros de distancia domicilio-parada que impliquen incremento da lonxitude do itinerario, acompañaranse dun informe da dirección do centro ou da persoa interesada, sinalando as circunstancias excepcionais que poidan xustificar a necesidade da modificación e aportando a documentación complementaria que sexa de interese. En caso contrario, serán denegadas ao non acreditarse ditas circunstancias excepcionais. O informe xuntarase na aplicación "*Transporte escolar*" no momento da petición da parada.

Serán devoltas aos centros para a súa corrección, as solicitudes cos datos incompletos, especialmente sen código de ruta ou localización das paradas novas. No caso de non contestar a este requirimento, considerarase desistida da súa petición e arquivaranse sen máis trámite.

Non se dará trámite a solicitudes de paradas novas fóra da zona de escolarización, excepto para aquel alumnado que conte cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa. Da mesma maneira, non se dará





trámite a peticións de paradas denegadas en anos anteriores se non cambiaron as circunstancias.

O órgano competente sobre o servizo de transporte resolverá a autorización ou denegación dos expedientes motivadamente.

**C. Respecto dos *servizos integrados***, teranse en conta os seguintes criterios:

- i. Respecto dos denominados usuarios "con dereito", introduciranse todos os cambios que resulten precisos nos contratos de concesión a fin de garantir o dereito ao transporte escolar gratuíto nos supostos nos que as novas paradas cumpran o requisito de distar máis de 2 kms do centro escolar ou da parada máis próxima, logo da comunicación por parte do centro do recoñecemento daquela condición de usuarios con dereito ao sistema de transporte, ao Servizo de Mobilidade competente sobre o correspondente contrato de concesión.

A nova parada poderá establecerse no lugar que o Servizo de Mobilidade competente estime máis idóneo sempre que se garanta unha distancia igual ou inferior a 2 km.

- ii. Adicionalmente, autorizaranse con carácter excepcional novas paradas situadas entre 1 e 2 kms do centro escolar ou da parada máis próxima, cando se dean, conxuntamente, as seguintes circunstancias:
  - O seu establecemento requirirá, en todo caso, o informe do centro escolar sobre as circunstancias específicas de existencia de limitacións de mobilidade por parte dos escolares ou a concorrencia doutras circunstancias concretas e extraordinarias que xustifiquen a súa autorización.
  - A nova parada non prexudique o mantemento da funcionalidade do servizo para o conxunto das súas persoas usuarias; concretamente, non se poderán autorizar estes cambios cando poidan determinar un incremento no tempo de viaxe superior a unha hora, de acordo co sinalado no artigo 11



do Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

- A ampliación do itinerario, tomando en consideración o conxunto de solicitudes en tramitación que afecten a un mesmo contrato de concesión, poderá autorizarse cando teña cabida no volume de quilómetros dispoñibles no contrato de concesión afectado e non supoña a modificación do correspondente contrato.
- A autorización da nova parada efectuarase polo Servizo de Mobilidade responsable do contrato de concesión mediante a adopción de medida cautelar inmediatamente executiva, sen prexuízo do seu carácter provisional, podendo levantarse, modificarse ou manterse na resolución do correspondente expediente, e condicionando o seu mantemento no tempo a que se manteña o requisito do apartado anterior, aínda no suposto de incorporación de paradas consonte co indicado no punto i).

Estas mesmas regras poderán aplicarse no caso de paradas situadas a entre 500 metros e 1 km do centro escolar ou da parada máis próxima. Neste caso, xunto co cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, ponderarase a concorrencia de supostos análogos no ámbito territorial. A autorización das novas paradas corresponderá ao Servizo de Mobilidade responsable do contrato de concesión, quen, neste último suposto, informará á Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte de cada unha das autorizacións outorgadas e os motivos que as fundamentaron.

- iii. Para crear calquera parada que diste menos de 500 m. da parada máis próxima, así como no suposto de que non encaixen en ningún dos casos previstos anteriormente, antes de proceder a ditar resolución o responsable do contrato de concesión deberá solicitar informe da Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de establecer actuacións e criterios coordinados ao respecto.

**D. Respecto dos escolares con dereito por escolarización forzosa,** teranse en conta os seguintes criterios:





Con antelación ao recoñecemento do dereito á utilización do servizo de transporte correspondente, o centro escolar acreditará a condición ao Servizo de Mobilidade correspondente para efectos da valoración da viabilidade de atender a nova demanda coa oferta de servizos existentes, quen informará directamente e de modo favorable no caso de que resulte viable a súa prestación cos ditos medios materiais e humanos dispoñibles nos contratos de xestión do servizo de uso especial ou de concesión do servizo público de uso xeral que corresponda.

En cambio, no caso de requirir maiores recursos humanos ou materiais non previstos nos ditos contratos, e non resultar viable a súa atención cos medios asignados, o dito servizo analizará o custo económico e remitirá o correspondente informe á Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de que se valore a viabilidade de asumir aquel incremento de custo ou, de non ser posible, trasladalo ao coñecemento da Comisión Interdepartamental de Coordinación do Proceso de Implantación do Sistema de Transporte Integrado de Galicia para a análise conxunta da viabilidade da súa prestación e, se é o caso, realizar as propostas que resulten oportunas para tal fin.

**E.** En todo caso, as peticións de cambios nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obrigatoriamente presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan.

As peticións de novas paradas en servizos integrados realizaranse mediante a utilidade de petición de paradas implementada para o efecto na aplicación de transporte escolar, que as dirixirá aos Servizos de Mobilidade correspondentes.

As resolucións dos Servizos de Mobilidade poderán ser recorridas ante a Dirección Xeral de Mobilidade por parte de quen estea lexitimado para a presentación dos ditos recursos.

## **8. Alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais**

No caso de persoas con necesidades específicas escolarizadas mediante un ditame de escolarización da Inspección Educativa ben en Centros de Educación Especial ou ben en unidades específicas de educación especial, sen estar suxeitas a zonificación, creadas para o efecto noutros colexios públicos



dependentes da Consellería competente en materia de Educación, prestarase o servizo de transporte escolar se o seu domicilio se encontra no ámbito da zona de escolarización do centro concreto con transporte escolar servido.

Noutro caso, seguiranse os mesmos criterios que se establecen nesta resolución para os supostos de escolares con dereito por escolarización forzosa.

### **9. A necesidade de autorización previa da Dirección Xeral de Mobilidade**

Toda contratación de novos servizos de uso especial, sexa do tipo que sexa, estará presidida por criterios de racionalidade e austeridade do gasto público, e requirirá para a súa tramitación a previa autorización da Dirección Xeral de Mobilidade.

Calquera baixa ou modificación dos servizos de transporte escolar vixentes requirirá a tramitación consonte o disposto nos pregos da licitación.

### **10. Mantemento e evolución da aplicación informática "Transporte Escolar"**

#### **a. Servizos de transporte público regular de uso especial**

**a.1** As direccións dos centros escolares manterán a información do mantemento da información referente ao alumnado con dereito á utilización dos servizos de transporte público regular de uso especial, incluído aquel alumnado que, sen cumprir os requisitos para a posesión deste dereito, este se lle recoñeza consonte co que se establece nesta instrución.

Para tal fin, ao remate de cada curso escolar os centros recibirán aviso na aplicación *Transporte Escolar* sobre a dispoñibilidade dos servizos na aplicación para que as direccións dos centros procedan a asignación do alumnado aos ditos servizos.

As Direccións dos centros de ensino que dispoñan de rutas de transporte escolar introducirán a totalidade dos datos delas na aplicación informática *Transporte Escolar*. Neste sentido, a dirección de cada centro comprobará e completará os datos de cada un dos alumnos e alumnas asignados/as ás





paradas existentes en todas as rutas ao centro, incluíndo os correspondentes ao alumnado escolarizado noutros centros autorizados con carácter excepcional, pechando a introdución da totalidade dos datos precisos e, polo tanto, os servizos **tres días hábiles antes do comezo do curso escolar**. De producirse modificacións durante o resto do curso, a dirección do centro cursará petición ao Servizo de Mobilidade de que se trate, a fin de que a autorice e, no seu caso, abra de novo o servizo na aplicación para que a dirección do centro incorpore os datos correctos e volva pechar o servizo.

A completa carga na aplicación *Transporte Escolar* dos datos actualizados do alumnado, paradas e rutas existentes é imprescindible para unha axeitada xestión do servizo e para poder aplicar, no seu caso, o *Protocolo de actuación nos supostos de alertas meteorolóxicas*.

As direccións dos centros proporcionaranlles aos transportistas as listaxes xeradas pola aplicación (Informe TR004) nas que conste o alumnado usuario de cada ruta en canto estean pechados os servizos na aplicación, e remitiranlles as actualizacións dos devanditos listados cando se produzan modificacións ao longo do curso que xa contén coa autorización do Servizo de Mobilidade.

A actualización da información na aplicación, así como as listaxes que da dita información xera a aplicación (Informe TR004), constitúen o instrumento esencial para que en todo momento a Administración poida ter un control e seguimento do alumnado transportado cada día en aras da súa seguridade, e tamén constitúen o instrumento fundamental para a planificación do transporte escolar e a resolución de incidencias imprevisibles, correspondendo á dirección do correspondente centro a súa revisión, carga e actualización, para a fin de garantir a plena fiabilidade das relacións de alumnado con dereito a ser usuario de cada unha das rutas e, por tanto, usuarios das mesmas.

**a.2** A evolución da aplicación *Transporte Escolar* ou, mesmo, a súa substitución por outras aplicacións dará lugar a modificacións no procedemento de carga e explotación da información referente aos servizos, podendo variar a forma, o procedemento e os prazos de carga, revisión e



mantemento do alumnado no sistema tecnolóxico, así como as comunicacións coas empresas prestatarias dos ditos servizos.

Destes cambios darase conta ás direccións dos centros escolares por parte do órgano responsable dos contratos ou, se é o caso, do que teña encomendado o mantemento evolutivo do indicado sistema tecnolóxico, sendo de aplicación dende a dita comunicación para a dirección do centro como responsable do mantemento da información.

### **b. Servizos públicos de transporte regular de uso xeral integrados**

Os servizos integrados manterán permanentemente actualizada a información referente a ruta, paradas, calendarios e horarios, mediante a vinculación das aplicacións *Otrans* e *Transporte Escolar*.

Posto que, de acordo co calendario do proceso ordinario de matrícula, os prazos de formalización de matrícula rematan o 30 de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria e o 7 de xullo para o de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, os centros **disporán** ata o **15 de xullo**, ou primeiro día hábil posterior de ser aquel inhábil, para cargar as reservas de praza do alumnado con dereito a reserva de praza nun servizo integrado na aplicación *Transporte Escolar* e, asemade, para tramitar as solicitudes de creación de novas paradas, que deberán ser recibidas, dentro de dito prazo, no Servizo de Mobilidade competente para a súa autorización.

Con carácter xeral, as paradas solicitadas no prazo sinalado serán autorizadas ou rexeitadas polo Servizo de Mobilidade competente e estarán dispoñibles na aplicación *Transporte Escolar* **non máis tarde do 31 de agosto**.

Unicamente poderán ser tramitadas fóra destes prazos aquelas solicitudes que estean motivadas en necesidades extraordinarias debidamente xustificadas, cambios de domicilio, escolarizacións posteriores ao comezo do curso, escolarizacións forzosas, etc. En todo caso, terán prioridade na súa tramitación as solicitudes formuladas no prazo xeral establecido previamente, polo que calquera parada solicitada posteriormente, ademais de xustificar a súa solicitude fóra do dito prazo xeral, será tramitada unha vez remate o prazo previsto para as anteriores, polo que non se garantirá ao centro a súa dispoñibilidade na aplicación e, por tanto, a posibilidade de





facer uso dos servizos de transporte ata logo de ter comezado o curso escolar.

En setembro poderanse dar de baixa por parte dos responsables das concesións de transporte aquelas paradas e itinerarios que carezan de alumnado asignado e non teñan finalidade en si mesmas como paradas de transporte público regular de uso xeral.

Mentres a aplicación non prevea o seu volcado directo cos datos xa incorporados á solicitude da nova parada, as direccións dos centros dispoñerán de prazo **ata o tres días hábiles anteriores á data de inicio das clases** para a carga completa na aplicación *Transporte Escolar* dos alumnos con dereito a reserva de praza nas novas paradas autorizadas. Igualmente, corresponderá ás direccións dos centros o mantemento permanentemente actualizado das ditas reservas de praza atendendo ás altas e baixas do alumnado e, se fose o caso, á perda do dereito ao servizo de transporte gratuito por falta de uso do mesmo ou calquera outra causa.

A correcta carga e revisión da lista de reservas de praza é esencial para garantir a dispoñibilidade da praza a favor dos ditos escolares nos vehículos e paradas nas que vaian facer uso do servizo, para a axeitada xestión dos recursos públicos, ao ir asociada directamente a reserva de praza co pagamento que corresponde recibir ás concesionarias destes servizos, así como para a resolución de eventuais incidencias que se puidesen producir como consecuencia de feitos imprevisibles, como supostos de alertas meteorolóxicas.

### **c. Carga de días non lectivos polos centros escolares**

Para a xestión do transporte escolar, tanto do regular de uso especial como do regular de uso xeral, resulta imprescindible o coñecemento dos dous días non lectivos a que teñen dereito os centros educativos. É por esta razón que, trala celebración do Consello Escolar no que se acorden os dous días non lectivos de cada centro educativo, a Dirección de cada centro educativo procederá á carga inmediata destes días na aplicación XADE. Unha vez cargados os días en XADE, a aplicación *Transporte Escolar* recollerá de xeito automático este dato e facilitará o acceso ao mesmo por parte da aplicación *Otrans*.





No suposto de que os días cargados polos centros sufrisen variación con posterioridade, ou non fosen finalmente aprobados por parte da Inspección Educativa, ademais de efectuar as oportunas correccións en XADE, os centros deberán comunicar esta variación de forma directa e expresa ao Servizo de Mobilidade competente sobre os servizos de transporte. A dita comunicación deberá ser realizada con, cando menos, dez días hábiles de antelación á data inicialmente indicada ou, no caso de ser esta máis próxima, á nova data establecida.

### **11. Utilización excepcional de dúas paradas por un/ha mesmo/a usuario/a con dereito**

Os cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos comportaron, á súa vez, situacións novas nas familias, ás que é imprescindible responder no eido dos recursos educativos complementarios para a fin de non invalidar á súa finalidade orixinaria.

Entre estas novas situacións familiares, cada vez mais numerosas, atópanse as derivadas de incompatibilidades horarias e outras circunstancias persoais que dificultan a conciliación da vida laboral e familiar.

Coa fin de abordar as problemáticas citadas e darlles a resposta administrativa axeitada, está habilitada na aplicación *Transporte Escolar* a posibilidade **excepcional**, por parte da dirección de cada centro de ensino con transporte escolar, de asignar a un mesmo alumno ou alumna dúas paradas diferentes nas rutas de transporte de uso especial ou integrado que dean servizo ao seu colexio.

A posibilidade excepcional por parte das direccións dos centros educativos de dobre asignación de paradas a un/ha mesmo/a alumno/a **unicamente** poderá producirse no caso de que concorran as seguintes condicións:

- que existan prazas baleiras nos servizos de transporte correspondentes.
- que as paradas solicitadas existan nos itinerarios que dean servizo ao centro, sen que, en ningún caso, supoña a creación dunha parada nova nin alteración do deseño da ruta ou rutas afectadas, de tal xeito que a única modificación operada nelas se restrinja á incorporación do





alumno ou alumna beneficiario mediante a súa asignación á segunda parada solicitada.

Porén, esta dobre asignación de paradas distintas a favor dun/dunha mesmo/a alumno ou alumna require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a tutoría e ostentan a garda e custodia do/a menor transportado/a, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida e conseguintemente, esixen a implementación da solución excepcional referida.

Así pois, para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un/unha mesmo/a alumno ou alumna, usuario/a do transporte escolar, **é necesario que exista o seguinte:**

**1º.- Petición formal e expresa**, asinada polas persoas titoras do alumno ou alumna transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

**2º.- Xustificación acreditativa** das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ámbalas dúas persoas titoras do menor, ou dunha no caso das familias monoparentais, acreditación doutras circunstancias que imposibiliten a conciliación laboral e familiar).

**3º.- Compromiso por parte dos peticionarios de utilización continuada**, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión, "Transporte Escolar".

**4º. Constatación pola dirección** do centro escolar da existencia nas rutas establecidas ao colexio da segunda parada solicitada e da dispoñibilidade na ruta de que a dita parada forma parte de prazas libres.

No caso de autorizarse unha segunda parada por conciliación familiar e/ou laboral, os días de uso de cada unha das paradas deberán ser fixos e con carácter permanente para cada unha das paradas, debendo quedar reflectido na aplicación Transporte Escolar o dito *calendario* de uso.

Unha vez avaliadas polo centro de ensino as peticións e as xustificacións presentadas e comprobada a existencia de prazas libres nos buses, os centros implementarán na aplicación *Transporte Escolar* a dobre asignación de paradas. Feito isto, os centros de ensino comunicarán a dobre asignación



autorizada ás familias e as empresas de transporte escolar, prestatarias dos servizos.

Os órganos competentes sobre os servizos de transporte poderán avaliar en calquera momento as dobres asignacións que se teñan realizado e, no caso de estimar que non concorren as circunstancias previstas anteriormente poderán requirir á dirección do correspondente centro a súa revisión, mesmo acordando como medida cautelar a suspensión do dereito á utilización da segunda parada, que será comunicada polo centro ás familias nos mesmos termos indicados previamente. Esta mesma tramitación e, se é o caso, suspensión cautelar, poderá adoptarse no marco dos traballos de reestruturación de rutas de transporte que, en calquera momento, poida acometer a administración.

## **12. Evolución dos medios tecnolóxicos**

As referencias realizadas nesta instrución á aplicación "Transporte Escolar" entenderanse realizadas a aquela aplicación que en cada momento estableza o órgano competente sobre transporte escolar.

Os centros colaborarán co órgano competente en transporte escolar no desenvolvemento e implantación de novas aplicacións tecnolóxicas, ou na mellora evolutiva das existentes.

Pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
Manuel Vila López

Pola Dirección Xeral de Mobilidade  
Judit Fontela Baró

*(Documento asinado dixitalmente)*

